Capítulo 5. Proxeccións de poboación dependente e de necesidades futuras de postos de traballo vinculados ao ámbito da dependencia

5.1.- Introdución e cuestións metodolóxicas

Neste capítulo preséntanse as proxeccións de poboación dependente e das necesidades de postos de traballo vinculados ao ámbito de dependencia para o horizonte temporal 2020-2035. Tales proxeccións ofrecen unha panorámica da evolución do número de persoas que, presumiblemente, necesitarán atención e coidado durante os vindeiros anos. O desenvolvemento das tecnoloxías sanitarias ou a variación dos padróns de morbilidade, por mencionar só algúns dos posibles determinantes, terán un impacto decisivo sobre o tamaño e as necesidades desta poboación. Porén, a proxección das tendencias actuais permite esbozar un escenario base, unha referencia inicial para a toma de decisións neste ámbito. Alén diso, as proxeccións de poboación dependente son o punto de partida para a discusión verbo das necesidades futuras de traballo e mais da evolución do sector como xacemento de emprego.

No resto desta sección detállanse as cuestións metodolóxicas e as hipóteses principais en que se basean as proxeccións de poboación dependente e de necesidade de traballo. Coñecermos estes aspectos é fundamental para a correcta interpretación das proxeccións e, en particular, para entender como os resultados que se presentan poden variar cando, por circunstancias externas ou eventos que aquí non se consideran, os supostos en que se basean deixan de ter validez.

Cuestións metodolóxicas relativas ás proxeccións de poboación dependente

Con respecto ás proxeccións de poboación dependente, estas realízanse tendo en conta varias dimensións: (i) a estimación deste colectivo nun momento determinado; (ii) as proxeccións de poboación para o ámbito xeográfico e o horizonte temporal de interese; (iii) a evolución dos determinantes da dependencia; e (iv) as hipóteses acerca das dinámicas de morbilidade e incidencia. Esta última cuestión é de especial interese polos seus efectos directos sobre o número de persoas que necesitarán coidados de longa duración durante os próximos anos. Como xa se apuntou, existe unha clara tendencia cara ao envellecemento da poboación e posto que a prevalencia das situacións de dependencia medra a medida que avanza a idade das persoas, é razoable pensar que nun futuro inmediato se produza un incremento no número de persoas dependentes. Ademais, o previsible aumento da esperanza de vida amplía o intervalo en que é máis probable que aparezan dificultades para a realización das AVD. Porén, e a pesar destas lóxicas consideracións, a mellora nas condicións de vida, nos coidados e nas tecnoloxías sanitarias poden provocar unha diminución da incidencia das situacións de dependencia. Neste caso, a pesar do avellentamento da poboación, o número de persoas dependentes podería mesmo diminuír no tempo.

A literatura científica recolle estas dúas posturas a partir das coñecidas como "teorías da compresión" e "teorías da extensión" da morbilidade. A "teoría da compresión da morbilidade" (Fries, 1983) incide nas consecuencias positivas, a longo prazo, dos avances médicos e da implantación de hábitos saudables sobre a aparición das doenzas crónicas. A idea da "compresión" refírese a que este tipo de problemas médicos tenden a aparecer cada vez en idades máis avanzadas e, por tanto, nun intervalo máis "comprimido" de tempo antes da morte. Pola súa banda, a "teoría da extensión da morbilidade" (Kramer,1980) céntrase en que os estilos e as condicións de vida non alteran de maneira directa a idade de inicio das principais enfermidades asociadas ao envellecemento. Pártese da consideración de que o principal efecto dos avances médicos será un incremento paulatino da esperanza de vida das persoas con enfermidades crónicas e con necesidades de coidados de longa duración.

O paradigma da compresión da morbilidade foi amplamente estudado desde o punto de vista empírico. Non obstante, hai moita variabilidade nos resultados atopados (para unha panorámica dos recentes traballos empíricos, véxase: Lindgren, 2016; Chatterji *et al.,* 2015; Rechel *et al.,* 2013). Por exemplo, Manton *et al.* (2008), Liu *et al.* (2009) e Chernew *et al.* (2015) atopan evidencias a prol da hipótese da compresión da morbilidade. Pero, Parker *et al.* (2005), Karlsson e outros (2008), e Walter e outros (2016) presentan datos a favor dunha tendencia á expansión da morbilidade en países europeos entre os anos noventa e os primeiros anos do novo século. Ademais, outros estudos atopan resultados inconcluentes ou ningún cambio nos padróns temporais da discapacidade (Lafortune e Balestat, 2007; Robine *et al.,* 2009; Jagger *et al.,* 2009). Estas diferenzas nos resultados dependen, entre outros factores, da consideración de países e períodos temporais distintos. De feito, Robine *et al.* (2009) observan que o incremento da esperanza de vida en boa saúde é maior naqueles países cunha menor esperanza de vida global aos 65 anos. É dicir, a compresión da morbilidade que se observa nalgúns países pode responder máis á converxencia dalgúns países en termos de saúde que a supostos cambios nos padróns de discapacidade.

De feito, debemos ter en conta que a capacidade para enfrontar a dependencia non é equitativa (Dahl e Birkelund, 1997). A calidade de vida está moi influenciada por determinantes sociais como o nivel de estudos, a etnia ou a traxectoria laboral (Dahlgren e Whitehead, 1991). A modo de exemplo, podemos mencionar que o indicador da esperanza de vida garda unha estreita relación co sexo, a traxectoria vital das persoas e o seu nivel socioeconómico. Por unha banda, segundo datos do INE, a esperanza de vida de mulleres alcanza os 86,2 anos de media en España (83,4 anos para Galicia) e 80,8 anos no caso dos homes (80,6 para Galicia). Doutra banda, Weneau *et al.* (2019) apuntaban unha esperanza de vida de ata 5 anos menos en pensionistas con pensións baixas respecto a aqueloutros con pensións máis altas. Tamén os factores económicos son determinantes, segundo o estudo sobre Indicadores Urbanos do INE (2019) a diferenza na esperanza de vida é de 6 anos entre o municipio máis rico de España (Pozuelo de Alarcón, Madrid) e o máis pobre (La Línea de la Concepción, Cádiz). Igualmente, o nivel de estudos marca diferenzas, xa que promove un incremento de 2,2 anos no caso dos homes de estudos secundarios con respecto aos primarios e de 4,3 anos no caso das mulleres (Martín *et al.,* 2019).

Heger e Kolodziej (2016) ofrecen a evidencia empírica máis recente acerca do desenvolvemento dos niveis de discapacidade da poboación maior europea entre 2004 e 2011, e relacionan estes cambios coa idade e a proximidade á morte. Estes autores, mediante a análise dos datos lonxitudinais da Enquisa sobre saúde, envellecemento e xubilación en Europa (SHARE-Survey of Health, Ageing and Retirement in Europe), atopan un lixeiro incremento dos niveis de discapacidade. O aumento no número de limitacións relacionadas coa discapacidade débese tanto ao avellentamento da poboación como ao incremento dos niveis de morbilidade. En particular, o efecto das condicións de saúde sobre a discapacidade parece constante. Noutras palabras, Heger e Kolodziej (2016) non atopan evidencias compatibles coa hipótese de que os avances médicos reducen o impacto das doenzas. Ben pola contra, para o caso europeo o envellecemento semella estar asociado a unha lixeira extensión da morbilidade.

Para o caso específico de España, Walter *et al.* (2016) calculan a incidencia de distintas enfermidades como o infarto de miocardio, un accidente cerebrovascular e distintos tipos de cancros, entre os pacientes hospitalizados en España en dous períodos distintos: 1997-2000 e 2007-2010. En total, o estudo analiza ao redor de 40 millóns de persoas para calcular a duración da vida con estas enfermidades. A conclusión principal é que cando a morbilidade se mide pola idade de comezo das enfermidades, o peso da morbilidade crece en España. É dicir, os resultados deste estudo para o caso específico de España son coherentes coas conclusións de Heger e Kolodziej (2016). En conclusión, a evidencia empírica máis recente non parece compatible coa hipótese da compresión da morbilidade.

As proxeccións que se presentan neste capítulo asumen para o escenario base que a prevalencia da dependencia por tramo de idade e sexo permanece constante ao longo do período considerado. A discusión sobre a evolución da morbilidade apoia en parte esta decisión. Ora ben, non podemos esquecer que se trata dunha hipótese que se basea na observación do pasado e da súa continuidade no futuro, e que os cambios que se produzan ao longo dos próximos anos, tanto en termos de evolución da esperanza de vida como dos hábitos de saúde e de todos os demais determinantes das necesidades de coidados de longa duración, poden alterar de forma significativa os resultados. Á luz da evidencia dispoñible ata o momento, parece razoable asumir esta hipótese. De feito, debemos ter en conta que a capacidade para enfrontar a dependencia non é equitativa (Dahl e Birkelund, 1997)

Co fin de estimar o número de persoas dependentes non institucionalizadas en Galicia durante os próximos 15 anos, utilízanse os datos do módulo de Dependencia da Enquisa estrutural a fogares (IGE, 2017) e mais as proxeccións de poboación a nivel autonómico do Instituto Nacional de Estatística (INE, 2020). Da primeira (a EEF) obtemos a información dispoñible sobre persoas dependentes por sexo e tramo de idade, mentres que do INE, a evolución prevista da poboación residente en Galicia por idades e sexo, ano a ano ata 2035. Desde o punto de vista metodolóxico, neste estudo adóptase a proposta de Albarrán Lozano e Alonso González (2009): estímase ano a ano o factor de elevación da EEF utilizando as proxeccións do INE. É dicir, o factor de elevación asociado a cada rexistro da Enquisa estrutural a fogares varía no tempo do mesmo xeito que o peso que ten o tramo de idade no cal se atopa. Noutras palabras, a idea é replicar o tamaño da mostra que se obtería mediante un hipotético módulo de dependencia das futuras EEF. De forma implícita, por tanto, asúmese a hipótese mencionada no apartado

anterior acerca da evolución da morbilidade e da prevalencia da dependencia por sexo e tramo de idade.

As proxeccións realízanse polo total de persoas dependentes de acordo coa EEF, e por grao de dependencia. Para definir o grao de dependencia, utilízanse as definicións do Instituto Galego de Estatística e preséntanse, así mesmo, proxeccións da poboación dependente con dereito a beneficios ou axudas consonte a lexislación vixente. Para iso, o primeiro paso foi estimar o número de persoas con dereito a axudas ou prestacións no ano base 2017 a partir do módulo de Dependencia da EEF. A partir das estimacións obtidas, realízanse as proxeccións ata o ano 2035.

Cuestións metodolóxicas relativas ás proxeccións das necesidades de postos de traballo

As proxeccións de postos de traballos necesarios baséanse, principalmente, nas proxeccións de poboación dependente e mais na aplicación dunha serie de supostos que se detallan a continuación. É evidente que a incerteza ligada a un horizonte temporal tan longo poñerá á proba estes supostos. Por tanto, é necesario interpretar estas proxeccións como a manifestación dunha tendencia que xa está en curso, pero que é susceptible de cambios abruptos e inesperados.

A partir dos datos dispoñibles, preséntanse tres proxeccións distintas. A proxección de postos de traballo necesarios vinculado ao mantemento do SAAD en Galicia; a proxección das necesidades de traballo nos centros residenciais para maiores; e, finalmente, a proxección das necesidades de traballo de coidador ou coidadora a domicilio. Estas proxeccións non constitúen unha descomposición das necesidades totais de emprego vinculado á dependencia, senón que pretenden poñer en evidencia aspectos distintos do mesmo sector. Neste sentido, existe un solapamento entre as necesidades de emprego nas actividades de asistencia en centros residenciais e as necesidades vinculadas ao SAAD, así como entre as necesidades de coidado a domicilio e as necesidades do SAAD. Cabe destacar, ademais, que se fai referencia ás necesidades de postos de traballo, e non aos postos de traballo en si que, efectivamente, poderíanse xerar. As necesidades representan os postos de traballo que, baixo certos supostos, farían falta para atender a poboación dependente, cun nivel de cobertura polo menos igual ao actual. A transformación destas necesidades en postos reais de traballo dependerá tamén do comportamento do lado da oferta, é dicir, da forma en que os sectores públicos e privados tentarán satisfacer a demanda de atención e coidado ás persoas. Por tanto, as proxeccións refírense aos postos de traballo potencialmente necesarios entre os anos 2020 e 2035, que o sector privado e as distintas administracións públicas demandarán, de acordo cos seus obxectivos e as súas posibilidades.

Con respecto ás proxeccións de postos de traballo necesarios vinculados ao SAAD, o punto de partida é a estimación inicial de postos de traballo vinculados ao SAAD, que se presentou no capítulo 4. As proxeccións realízanse de acordo cos seguintes pasos:

1. A partir da repartición de recursos no SAAD de Galicia no ano base 2019, e dos coeficientes de emprego presentados no capítulo 4, estímanse as ratios mínimas e máximas de emprego equivalente a tempo completo por dependente efectivamente atendido/a.

2. Proxéctase o número de beneficiarios atendidos do SAAD en Galicia ata o ano 2035. En particular, emprégase como nivel base o número de persoas beneficiarias con prestacións no SAAD no ano 2019. Para obter a evolución temporal do número de persoas beneficiarias, aplícase a variación estimada no número de persoas con dereito a prestacións (incluída a poboación en centros residenciais para maiores) que se presentou no capítulo 2.

3. Aplícanse as ratios mínimas e máximas de emprego calculadas no punto 1 á proxección de beneficiarios atendidos (punto 2).

Este procedemento implica asumir as seguintes hipóteses fundamentais:

- A repartición de recursos entre beneficios e axudas do SAAD permanece constante ao longo do horizonte temporal considerado.
- Os coeficientes de emprego por tipo de servizo permanecen constantes ao longo do horizonte temporal considerado.
- O incremento das persoas beneficiarias do SAAD en Galicia é igual ao incremento estimado da poboación con dereito a prestacións en Galicia.

Para avaliar o impacto destas hipóteses sobre os resultados finais, preséntase tamén unha análise de sensibilidade. En primeiro lugar, con respecto á repartición de recursos, dada a súa importancia para o emprego, considérase o efecto de variacións na porcentaxe de recursos asignados ás prestacións económicas para o coidado na contorna familiar. Segundo, preséntanse proxeccións alternativas para desviacións tanto dos coeficientes de emprego como do crecemento do número de persoas beneficiarias.

Para a proxección de necesidades de emprego nos centros residenciais de Galicia, emprégase o seguinte procedemento:

1. A partir do Censo de poboación de 2011, obtense unha proxección da poboación residente en centros residenciais para maiores en Galicia, tal e como se fixo no capítulo 2.

2. Aplícanse os coeficientes de emprego asociados á asistencia en residencias (véxase o capítulo 4) ás proxeccións de poboación dependente en centros residenciais.

Este procedemento baséase nas seguintes hipóteses fundamentais:

- A poboación maior en centros residenciais é unha proporción constante da poboación total por idade e sexo.
- Os coeficientes de emprego asociados á atención en centros residenciais permanecen constantes ao longo do horizonte temporal considerado.

Para esta proxección, preséntase unha análise de sensibilidade que inclúe as variacións do incremento da poboación asistida en centros residenciais, e dos coeficientes de emprego.

Finalmente, proponse unha proxección das necesidades de emprego de traballadores e traballadoras dos coidados a domicilio. Para o coidado a domicilio, tense en conta tanto o emprego en empresas e organizacións como o traballo contratado polos fogares como servizo doméstico. Neste caso, os pasos para a realización das proxeccións son os seguintes:

1. Estímase o número de persoas dependentes nos fogares de Galicia no ano 2017 a partir do módulo de Dependencia da Enquisa estrutural a fogares.

2. Proxéctase o número de dependente nos fogares de Galicia de acordo coa metodoloxía empregada no capítulo 2.

3. Estímase o número de ocupados e ocupadas na ocupación 571 da CNO, nas actividades 881 e 970 da CNAE no ano 2017.

4. Calcúlase a ratio de ocupados e ocupadas definidos no punto 2 por dependente nos fogares de Galicia no mesmo ano (punto 1).

5. Aplícase a ratio calculada no punto 4 á proxección de persoas dependentes nos fogares (punto 2).

Este procedemento baséase na seguinte hipótese fundamental:

- A ratio de coidadores/as a domicilio por dependente atendida/ou nun fogar permanece constante ao longo de todo o horizonte temporal.

Para estas proxeccións, preséntase unha análise de sensibilidade que considera variacións da ratio de coidadores/as por dependente atendida/o, e do número de persoas dependentes nos fogares de Galicia.

5.2 Proxeccións da poboación en situación de dependencia

O número de persoas en situación de dependencia, tal e como levamos detallando ao longo do capítulo 2, é de 117.875 persoas no ano 2017. As proxeccións realizadas ata o ano 2035 recóllense na táboa 5.1 e o gráfico 5.1. Esta proxección recollería no ano 2020, 123.317 persoas e alcanzaría 151.908 persoas no ano 2035. Desta maneira, a poboación con dependencia proxectada cara a ese limiar aumentaría un 23,2%, é dicir, 28.591 persoas máis ao longo do próximos quince anos. Iso supón unha taxa media de crecemento anual do 1,4% (crecemento medio esperado en cada ano ata 2035). Con respecto ao total da poboación de Galicia, a

poboación con algún tipo de dependencia declarada pasaría do 4,6% no ano 2020 ao 6,0% no ano 2035. Hai que observar, ademais, que as proxeccións de poboación para Galicia implican un descenso do número total de residentes do 0,5% no mesmo período.


Canto á distribución segundo sexos, aínda que en números absolutos aumentará o número de mulleres en situación de dependencia, en termos relativos non se prevén cambios significativos: o 60,3% da poboación dependente estimada no ano 2020 é muller e esta porcentaxe mantería unha estabilidade ata o ano 2035. Este proceso estaría relacionado coa maior presenza de mulleres a idades avanzadas, mais, en porcentaxes, o peso deste colectivo sería similar en cada un dos anos proxectados.

Táboa 5.1.- Proxección da poboación en situación de dependencia en Galicia, 2020-2035

	2020	2025	2030	2035
Homes	48.967	52.766	56.379	60.476
Mulleres	74.350	79.952	85.109	91.432
Total	123.317	132.718	141.488	151.908
% respecto poboación total	4,6%	5,0%	5,5%	6,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Enquisa estrutural a fogares, módulo Dependencia, 2017

Gráfico 5.1.- Proxección da poboación en situación de dependencia en Galicia, 2020-2035



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Enquisa estrutural a fogares, módulo Dependencia, 2017

No ano 2020, a poboación cun grao de dependencia severa ou grave estimada sería de case 72.000 persoas, é dicir, o 2,7% da poboación de Galicia. Despois de 15 anos, este grupo sumaría un 25,7% máis, é dicir, 18.524 persoas. O incremento de persoas con dependencia severa ou grave sería superior ao incremento do número de persoas con calquera tipo de dependencia. Este resultado depende da maior prevalencia da dependencia severa e grave na poboación maior, poboación que tende a aumentar en termos relativos ao longo do período analizado. En resumo, as proxeccións realizadas apuntan a un incremento medio anual do 1,4% da poboación

dependente nos fogares de Galicia ao longo dos vindeiros 15 anos, de modo que o incremento medio anual da poboación con dependencia severa ou grave é do 1,5% (táboa 5.2).

Táboa 5.2.- Proxeccións da poboación en situación de dependencia severa ou grave, 2020-2035


		2020	2025	2030	2035
Homes		27.551	30.145	32.436	35.055
Mulleres		44.391	48.044	51.361	55.411
Total		71.942	78.189	83.797	90.466
% respecto poboación total		2,7%	3,0%	3,3%	3,6%

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Enquisa estrutural a fogares, módulo Dependencia, 2017

Se lle aplicamos á EEF e ás proxeccións de poboación dependente o baremo de valoración de dependencia (BVD) da LAPADE, obtemos o número estimado de poboación que no futuro tería dereito a unha prestación pública. O gráfico 5.2 representa a evolución temporal esperada do número de dependentes en fogares de Galicia con dereito a prestacións, de acordo coa lexislación vixente no ano 2020, e a porcentaxe que esta poboación representa con respecto ao total de residentes en Galicia. O incremento medio anual esperado sería de, aproximadamente, 1.780 persoas, equivalente a un incremento medio anualizado do 1,45%. Este sería o incremento previsto no número de persoas con dereito a prestación e residentes en fogares de Galicia durante os próximos 15 anos. Como xa se observou neste informe, durante o últimos cinco anos, o incremento medio anual no número de persoas que reciben prestacións no marco do SAAD é superior a 4.000 persoas ao ano. Con respecto ao total dos residentes en Galicia, as proxeccións apuntan a un incremento de 1,3 puntos porcentuais desde o ano 2020 ao ano 2035, é dicir, do 4,0% ao 5,3%. En total, o número de persoas dependentes con dereitos a beneficios e axudas pasaría de 111.065 no ano 2020 a 119.900 no ano 2025, 127.992 en 2030 e, finalmente, 137.799 no ano 2035.

O número de persoas en situación de dependencia nos graos II e III pasaría de 85.186 persoas no ano 2020 a 106.896 no ano 2035 (táboa 5.3). A correspondente taxa de incremento anual sería igual ao 1,5%. Como se pode observar, estas proxeccións apuntan a un incremento progresivo do número de persoas con dependencia de graos superior ao un sobre o total de dependentes con dereito a algún tipo de prestación.

Gráfico 5.2.- Evolución temporal estimada do número de persoas dependentes que poderían ser obxecto de protección pública



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Enquisa estrutural a fogares, módulo Dependencia, 2017

Táboa 5.3. Proxeccións de poboación residente en fogares de Galicia con dependencia de grao II e III, 2020-2035

	2020	2025	2030	2035
Homes	32.148	35.125	37.803	40.875
Mulleres	53.244	57.586	61.514	66.371
Total	85.392	92.711	99.317	107.246
Porcentaxe	3,2	3,5	3,9	4,2

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Enquisa estrutural a fogares, módulo Dependencia, 2017

Finalmente, é posible incorporar a poboación residente en centros de maiores a estas estimacións. A base destas estimacións é o número de persoas en residencias de persoas maiores segundo o Censo de 2011; a partir dese dato estímase o tamaño desta poboación mantendo constante a porcentaxe que representa con respecto aos mesmos grupos de idade. A poboación dependente con dereito a beneficios ou axudas aumentaría, neste caso, de 126.076 persoas no ano 2020 a 136.845 no 2025, 144.937 no 2030, e 155.965 en 2035. Estas cifras suporían pasar do 4,7% da poboación no ano 2020 ata o 6,2% no ano 2035. Por outra banda, se a base de cálculo destas proxeccións fose o número de prazas dispoñibles en 2020, baixo o suposto de ocupación completa, o tamaño da poboación sería superior, e pasaría de 132.013 no ano 2020 a 163.150 no ano 2035.

As proxeccións de poboación dependente desta sección constitúen a base das proxeccións de necesidades de traballo, que se presentan a continuación.

5.3 Proxeccións de necesidades de emprego

Necesidades de emprego vinculado ao Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia en Galicia

A proxección das tendencias presentes, baixo as hipóteses que se detallaron no apartado 5.1, apuntan a que o funcionamento do SAAD implicaría un incremento neto dos postos de traballo necesarios de entre 4.003 e 4.539 postos a tempo completo entre o ano 2020 e o ano 2035 (táboa 5.4). Esta variación supón unha taxa de incremento anualizada das necesidades de emprego do 1,3%. Os valores mínimos e máximos que se presentan na táboa 5.4 dependen das estimacións mínimas e máximas de postos de traballo a tempo completo por beneficiario efectivamente atendido en Galicia. Este resultado implicaría un incremento medio anual de ao redor de 285 postos de traballo necesarios ao ano, durante os próximos quince anos, ata chegar a unha media de 23.662 empregos a tempo completo ao final do horizonte temporal. Como se discutiu no capítulo anterior, os postos de traballo vinculados ao SAAD só representan unha parte, aínda que ampla, do total de postos de traballo no ámbito da dependencia. En particular, á parte da atención a dependentes institucionalizados para a cal non se solicitaron axudas, habería que sumar o traballo remunerado de coidado contratado polos fogares como servizo doméstico.

Táboa 5.4 Número de postos de traballo necesarios vinculados ao SAAD. Proxeccións 2020-2035 (intervalos de cinco anos)

	2020	**2025**	**2030**	**2035**
Mín.	18.174	19.459	20.610	22.178
Máx.	20.607	22.064	23.369	25.147

Fonte: Elaboración propia

Estas proxeccións baséanse na hipótese de que os postos de traballo equivalentes a tempo completo por dependente efectivamente atendido permanecen constantes. É dicir, suponse que non varía a distribución de recursos dedicado aos distintos beneficios e axudas no marco do SAAD. Esta hipótese é crítica, posto que a maior ou menor necesidade de emprego depende de forma crucial de como se atenden ás persoas con dependencia, como se deduce das grandes diferenzas entre coeficientes de emprego por servizo que se presentaron no capítulo 4. En particular, a respecto da distribución de recursos, a literatura e as discusións sobre esta cuestión centráronse especialmente no papel das prestacións económicas para o coidado na contorna familiar. Estas prestacións, que poden compensar, en parte, o traballo de coidado non remunerado, non contribúen á xeración directa de emprego remunerado.

Independentemente da escolla acerca do modelo de coidado, e da oportunidade deste tipo de prestacións económicas, é posible valorar o seu efecto sobre as necesidades de traballo. Para iso, cómpre cuantificar a variación nos postos de traballo necesarios en función das variacións na proporción de prestacións económicas concedidas polo SAAD sobre o total de beneficios e axudas. Para simplificar a análise, suponse que as prestacións económicas para o coidado na contorna familiar e o servizo de axuda a domicilio son substituíbles. É dicir, o incremento

(diminución) de prestacións económicas pódese compensar cunha diminución (incremento) equivalente do servizo de atención a domicilio. Ademais, suponse que a variación se repercute de forma progresiva ao longo do horizonte temporal considerado, ata o valor obxectivo que se indica para cada tipo de prestación.

Táboa 5.5. Efectos da variación de parámetros sobre as proxeccións de necesidades de traballo (análise de sensibilidade)

Proporción recursos informais	8,2%	13,2%	15,7%	18,2%	20,7%	23,2%	28,2%
Proporción servizo de axuda a domicilio	43,3%	38,3%	35,8%	33,3%	30,8%	28,3%	23,3%
Postos de traballo necesarios (2035)	23944	22986	22507	22028	21550	21071	20113
Incremento medio anual dos postos de traballo necesarios	393	329	297	265	233	201	137

Fonte: Elaboración propia

A táboa 5.5 presenta os resultados desta análise de sensibilidade á asignación de recursos, en termos de incremento neto medio anual de postos de traballo necesarios a tempo completo. Os escenarios considerados consideran reducións e incrementos de 2,5, 5 e 10 puntos porcentuais con respecto á proporción base de recursos informais. De acordo cos resultados desta análise, cando a asignación a recursos informais é a mínima considerada, é dicir, unha diminución progresiva de dez puntos porcentuais nas prestacións económicas (ata o 8,2% do total de prestacións no ano 2035, fronte ao 43,3% asignado ao servizo de axuda a domicilio), o incremento medio anual de postos de traballo necesarios subiría a 393, fronte aos 265 do escenario base. É dicir, este escenario supón un incremento neto de case 130 postos de traballo a tempo completo adicionais ao ano, con respecto ao escenario base. Porén, cando a asignación a prestacións económicas chega, no ano 2035, a superar a do escenario base en dez puntos porcentuais, o incremento medio de postos de traballo necesarios descendería ata 137 ao ano ao longo do horizonte temporal considerado. En xeral, o incremento (diminución) dun punto porcentual na proporción de prestacións económicas para o coidado na contorna familiar con

respecto ao total de prestacións, está asociado a unha diminución (incremento) de 190 novos postos de traballo necesarios que se poderían xerar ao longo do período considerado.

As outras hipóteses críticas que determinan os valores das proxeccións realizadas refírense á ratio de número de postos de traballo por persoa efectivamente atendida e ao incremento potencial de beneficiarios con prestacións do SAAD. A táboa 5.6 presenta os resultados da análise de sensibilidade. Con respecto á ratio de emprego consideráronse desviacións do cociente base (0,31 postos de traballo a tempo completo por persoa efectivamente atendida) de ±0,025, ±0,05 e ±0,1 unidades. Para o crecemento de beneficiarios, valoráronse desviacións de ±2,5, ±5 e ±10 puntos porcentuais do crecemento acumulado base do número de beneficiarios atendidos ao longo do horizonte temporal considerado (23,7%).

Táboa 5.6. Efectos de variacións na ratio de emprego e no crecemento de beneficiarios sobre o incremento medio anual de postos de traballo necesarios vinculados ao SAAD.

		Ratio de emprego por persoa efectivamente atendida						
		0,21	0,26	0,29	**0,31**	0,34	0,36	0,41
Crecemento acumulado de beneficiarios con prestacións no SAAD	13,7%	106,41	131,75	144,41	157,08	169,75	182,42	207,75
	18,7%	149,55	185,16	202,97	220,77	238,58	256,38	291,99
	21,2%	171,13	211,87	232,24	252,62	272,99	293,36	334,11
	23,7%	192,7	238,58	261,52	**284,46**	307,4	330,34	376,22
	26,2%	214,27	265,29	290,8	316,31	341,82	367,33	418,34
	28,7%	235,85	292	320,08	348,15	376,23	404,31	460,46
	38,7%	278,99	345,42	378,63	411,84	445,06	478,21	544,7

Fonte: Elaboración propia

Os resultados da táboa 5.6 exprésanse en termos do incremento medio anual de postos de traballo necesarios ao longo do período. Por exemplo, para o escenario base (ratio de emprego = 0,31; crecemento acumulado de beneficiarios ata 2035=23,7%), as proxeccións implican que, en media, cada ano, durante os vindeiros 15, aumentarán as necesidades de traballo ao redor de 285 postos a tempo completo. Por tanto, se o crecemento de beneficiarios permanece constante na súa taxa base (23,75), o incremento anual de postos de traballo variaría de 193 (se a ratio de emprego baixase ata 0,21) ata 376 (cunha ratio de emprego de 0,41). É importante observar que a ratio de emprego pode ser distinta á do escenario base tanto por erros de estimación como pola variación dos seus determinantes, como, por exemplo, a produtividade do traballo, o emprego de novas tecnoloxías ou distintas eleccións verbo do modelo de coidado e da asignación de recursos.

Da mesma forma, a variación estimada de postos de traballo depende da evolución do crecemento de beneficiarios do SAAD. Á parte dos erros nas proxeccións realizadas, esta taxa de crecemento depende tamén da evolución relativa da morbilidade e da esperanza de vida, así como do desenvolvemento das tecnoloxías sanitarias e das eleccións políticas acerca da cobertura das necesidades da poboación dependente. En media, para o valor base da ratio de emprego, unha desviación dun punto porcentual no crecemento acumulado de persoas

atendidas está asociada á variación de 12 postos de traballo necesarios. A táboa 5.6 presenta os resultados da análise de sensibilidade para todas as combinacións de ratios de emprego e taxas de crecemento.

Necesidades de emprego en centros residenciais

O emprego nos centros residenciais depende só parcialmente do SAAD, posto que a maioría das residencias e das prazas nos centros para maiores son de titularidade privada. Neste apartado proxéctanse as necesidades totais de emprego nestes centros, baixo a hipótese de continuación das tendencias existentes. A táboa 5.7 presenta os resultados obtidos.

Táboa 5.7. Número de postos de traballo necesarios en centros residenciais. Proxeccións 2020-2035 (intervalos de cinco anos)

2020	2025	2030	2035
9803,05	10376,76	11066,46	11863,71

Fonte: Elaboración propia

Como se pode observar, para o escenario base, as proxeccións realizadas apuntan ao incremento de máis de 2000 postos de traballo ao longo do horizonte temporal considerado. Debido á metodoloxía utilizada, este incremento responde ao incremento previsto de poboación maior, por sexo. Por tanto, cabe observar que estas cifras implican unha ratio de 3,1 persoas atendidas nun centro residencial por cada 100 persoas maiores de 65 anos en Galicia. Esta ratio está por baixo da recomendación da Organización Mundial da Saúde, que estima, para unha axeitada cobertura, a necesidade dunha ratio de 5 prazas por cada 100 persoas maiores de 65.

É posible valorar os efectos sobre o emprego do cumprimento da recomendación da Organización Mundial da Saúde. Para iso, suponse un incremento progresivo da ratio considerada, de tal forma que se cumpra nun horizonte temporal de 15 anos. De todos os xeitos, de se cumprir a recomendación este mesmo ano, estímase que os postos de traballo necesarios ascenderían a 15.811, é dicir, 6.000 postos de traballo máis con respecto aos estimados para o ano 2020.

Baixo o suposto de cumprimento progresivo da recomendación, non obstante, os empregos necesarios subirían ata 12.497 no ano 2025, 15.588 en 2030 e 19.135 no ano 2035. É dicir, ao longo dos próximos 15 anos serían necesarios 7.500 postos de traballo a tempo completo adicionais para atender as persoas dependentes en centros residenciais. É evidente que a xeración de emprego é moi sensible á variación de persoas atendidas en residencias. De feito, como xa se observou, a atención residencial, alén de estar caracterizada por altos niveis de profesionalización e formación do persoal, constitúe o servizo máis intensivo en traballo.

As proxeccións de necesidades de emprego en centros residenciais dependen tamén dos coeficientes de emprego aplicados. Ata o momento, supúxose que os coeficientes de emprego permanecen constantes. A táboa 5.8 recolle os resultados dunha análise de sensibilidade,

expresados como variación do número de postos de traballo que serían necesarios para cada combinación de parámetros. En particular, considéranse desviacións de ±0,025, ±0,05 e ±0,1 unidades do coeficiente de emprego, e desviacións de ±2,5, ±5 e ±10 puntos porcentuais na taxa de crecemento acumulado de persoas dependentes atendidas en centros residenciais. Hai que observar que a desviación máxima do crecemento de persoas en residencias (é dicir, unha taxa de crecemento acumulado igual a 31% ao longo dos vindeiros 15 anos), non sería suficiente para cumprir coa recomendación da Organización Mundial da Saúde no ano 2035.

Táboa 5.8. Efectos de variacións nos coeficientes de emprego e no crecemento de persoas en centros residenciais sobre o incremento medio anual de postos de traballo necesarios

		Coeficiente de emprego						
		0,36	0,41	0,44	**0,46**	0,49	0,51	0,56
Crecemento acumulado de persoas en centros residenciais	11,0%	56,37	64,19	68,11	72,02	75,85	79,85	87,68
	16,0%	81,94	93,32	99,01	104,7	110,39	116,08	127,46
	18,5%	94,73	107,88	114,46	121,04	127,62	134,19	147,35
	21,0%	107,51	122,44	129,91	**137,38**	144,84	152,31	167,24
	23,5%	120,3	137,01	145,36	153,71	162,02	170,42	187,13
	26,0%	133,08	151,57	160,81	170,05	179,3	188,54	207,02
	31,0%	158,66	180,69	191,71	202,73	213,75	224,77	246,8

Fonte: Elaboración propia

No escenario base (coeficiente medio de emprego=0,46; crecemento acumulado de persoas en centros residenciais=21,0%), as proxeccións realizadas implican un incremento medio de ao redor de 137 postos de traballo necesarios ao ano. Mantendo constante o crecemento das persoas atendidas, unha variación dunha décima do coeficiente de emprego está asociada a unha variación de 30 postos de traballos adicionais necesarios. É dicir, no escenario base, estimouse que farían falta 46 postos de traballo a tempo completo por cada 100 persoas atendidas nun centro residencial. Con este coeficiente de emprego, estímase que as necesidades de emprego crecerían a razón de 137 postos de traballo a tempo completo ao ano. Se, por exemplo, polo uso de novas tecnoloxías sanitarias, fosen necesarias 36 traballadores ou traballadoras para cada 100 persoas atendidas, as proxeccións realizadas apuntan a un incremento de postos de traballo necesario menor, en particular, duns 107 postos adicionais ao ano.

Na táboa 5.8 preséntanse os resultados da análise de sensibilidade para todas as combinacións de coeficientes de emprego e crecemento da poboación atendida en residencias. A análise permite apreciar como a xeración potencial de emprego depende da combinación posible ou elixida de intensidade do traballo da asistencia residencial e mais do número de persoas atendidas.

Necesidades de emprego para o coidado a domicilio

As proxeccións do número de postos de traballo remunerado necesarios para o servizo de coidado a domicilio, que se presentan na táboa 5.9, baséanse nas proxeccións de persoas dependentes nos fogares de Galicia presentadas no capítulo 2, así como nos datos de ocupación estimados a partir da Enquisa de poboación activa. Sinaladamente, no escenario base suponse que o número de traballadores e traballadoras dos servizos de coidado a domicilio por cada dependente residente nun fogar de Galicia permanece constante (0,07), e que o crecemento acumulado de persoas dependentes nos fogares de Galicia no período alcance o 23,2%.

Táboa 5.9. Número de postos de traballo necesarios de coidadores/as de persoas a domicilio. Proxeccións 2020-2035 (intervalos de cinco anos)

2020	**2025**	**2030**	**2035**
9248,12	9953,14	10610,84	11392,29

Fonte: Elaboración propia

Con respecto aos postos de traballo, as proxeccións apuntan a unha taxa de incremento anualizada do 1,4%, ou unha media de 143 postos adicionais de traballo ao ano. No período 2020-2035, o incremento neto de postos de traballo ascendería a 2144 postos de traballo.

Tamén neste caso é importante valorar como as hipóteses iniciais acerca dos principais parámetros afectan aos resultados presentados. En particular, as proxeccións dependen de forma crítica da ratio estimada de traballadores/as por persoa dependente atendida no fogar, así como do crecemento do número de dependentes nos fogares de Galicia. A táboa 5.10 presenta os resultados da análise de sensibilidade.

Táboa 5.10. Efectos de variacións na ratio de emprego e no crecemento de persoas dependentes nos seus domicilios sobre o incremento medio anual de postos de traballo necesarios

		Ratio de empregados por dependente						
		0,02	0,04	0,06	**0,07**	0,09	0,10	0,12
Crecemento acumulado de dependentes en domicilios	13,2%	27,09	48,77	65,03	81,29	97,55	113,81	135,49
	18,2%	37,37	67,27	89,69	112,12	134,54	156,96	186,86
	20,7%	42,50	76,51	102,02	127,53	153,04	178,55	212,56
	23,2%	47,64	85,76	114,35	**142,94**	171,53	200,13	238,25
	25,7%	52,78	95,01	126,68	158,36	190,03	221,71	263,94

	28,2%	57,91	104,26	139,01	173,77	208,52	243,28	289,63
	33,2%	68,19	122,75	163,68	204,6	245,52	286,44	341,01

Fonte: Elaboración propia

Como xa observamos, o escenario base implica un incremento medio neto medio duns 143 postos de traballo ao ano. A metodoloxía empregada implica que, aproximadamente, cando o crecemento acumulado de persoas dependentes permanece constante e igual ao valor base, a variación porcentual da ratio de emprego está asociada a unha variación porcentual equivalente no número medio de novos postos de traballo necesarios ao ano. A táboa 5.10 permite valorar a sensibilidade das proxeccións ante variacións da taxa de crecemento da poboación atendida a domicilio. Esta taxa pode variar tamén, entre outros factores, en función das decisións accerca do modelo de coidado, da asignación de recursos e da mudanza nas preferencias das persoas afectadas.

5.4 Conclusións acerca das proxeccións de poboación dependente e as necesidades de emprego

As tendencias observadas apuntan a un claro incremento da poboación dependente en Galicia. As proxeccións realizadas a partir do número de persoas que declaran unha situación de dependencia na Enquisa estrutural de fogares implican un incremento medio anual do 1,4% da poboación dependente ao longo dos próximos 15 anos, mentres que o incremento medio anual da poboación con dependencia severa ou grave é do 1,5%. Se aplicamos o baremo de valoración de dependencia (BVD) da LAPADE, os resultados en termos de tamaño de poboación dependente con dereito a unha prestación pública serían inferiores con respecto ao total de poboación dependente, pero o seu crecemento alcanzaría, en media, as 1.780 persoas ao ano, ata chegar a pouco menos de 140.000 no ano 2035.

Aínda que é certo que estas proxeccións son sensibles a cambios nas tecnoloxías sanitarias e eventos externos e impredicibles, como demostra o recente caso do novo coronavirus, as tendencias socio-demográficas e, en particular, o avellentamento da poboación, parecen ser determinantes críticos da evolución da poboación dependente, ao menos a medio prazo.

A evolución do número de persoas en situación de dependencia determinará as necesidades futuras de necesidades de emprego vinculado ao coidado e á atención. O capítulo anterior discutiu a relevancia do sector como xacemento de emprego. Neste capítulo, viuse como o seu peso tenderá a medrar de forma progresiva. Por exemplo, as proxeccións indican que o funcionamento do SAAD implicaría un incremento neto dos postos de traballo necesarios de entre 4.003 e 4.539 postos a tempo completo entre o ano 2020 e o ano 2035. Obsérvanse as mesmas tendencias para o caso do traballo remunerado nos centros residenciais e nos domicilios.

A evolución das necesidades de emprego dependerá crucialmente do modelo de coidado elixido. En particular, a asignación de recursos ás prestacións económicas para o coidado na contorna familiar, desde o punto de vista da xeración de emprego, resulta prexudicial. O

traballo necesario crecería de 190 postos a tempo completo por cada punto porcentual de diminución destas prestacións económicas. Así mesmo, con respecto aos centros residenciais, se ata o ano 2035 aumentasen as prazas dispoñibles co obxectivo de cumprir a recomendación de cinco prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos, serían necesarios 7.500 postos de traballo adicionais. As decisións verbo do modelo de coidado deberán atender, en primeiro lugar, ás necesidades da poboación. Con todo, non se pode obviar que, como se puxo en evidencia neste capítulo, estas decisións teñen tamén un impacto crítico na xeración de emprego.

Ademais do aspecto cuantitativo, é dicir, do número de postos de traballo que se poderían chegar a necesitar, existe un aspecto cualitativo que se discutiu no capítulo 4 deste informe. As condicións laborais e contractuais neste sector son menos favorables que as que se observan noutras actividades económicas. Por exemplo, as taxas de temporalidade son moi elevadas. Así mesmo, o sector é un xacemento de emprego para persoas vulnerables, en particular persoas con baixos niveis de estudos. O emprego vinculado ao ámbito da dependencia constitúe unha oportunidade, mais faise necesario actuar sobre os aspectos cualitativos destes postos de traballo.